

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E TRES DE MARZO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cinco minutos do día vinte e tres de marzo de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o dezaseis de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 348/10 de don Severino Mougán Lobato**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construción dun cerramento, de aproximadamente 45 mts de lonxitude, con base de pedra, postes e arame, nun tramo de 25 mts de lonxitude e postes e arame no resto, no lugar de Vilar, en solo rústico de agrícola (R-2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende



o eixe do vial municipal por ser un vial nivel local en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra será do país e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e oito (#28,00#) euros

## 2.2.- Instancia num. 335/10 de don José Alfonso Vilas Castelao

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a rehabilitación dun anexo á vivenda, de aproximadamente 25 m2 en planta, consistente en repoñer uralita e tella, situada en Pazo, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (R-2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación e non afectarán á estrutura da mesma non podendo alterar a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezanove euros con tres céntimos (#19,03#)

## 2.3.- Instancia num. 339/10 da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo

Dáse conta da citada instancia na que don Ignacio Santos Cidrán, en nome e representación de Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, solicita licenza para a realización das obras de conservación, mantemento e mellora do albergue de peregrinos de Vilanova, situado no lugar de Outeiro, en solo catalogado polo PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N2) dentro do ámbito do Sistema Xeral Asistencial SX-AS-2, segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto don Francisco González Varela.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo construírse de acordo co proxecto presentado, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e cinco euros con vinte e tres céntimos (#25,23#)



**3º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación provisional de obras do Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010**

*3.1.- Ampliación das redes de abastecemento e saneamento en Santa Cruz de Ribadulla (expediente 3328)*

Dáse conta das invitacións cursadas ás empresas Construcciones Boqueixón, S.L; Construcciones Gigirey, S.L e José A. Rodríguez Ferreiro para a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente da citada obra, de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 04/03/2010 e publicadas no Perfil do contratante ([www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com))

Dáse conta asimesmo da acta de constitución da Mesa de Contratación e da apertura das ofertas presentadas.

Examinada a documentación , de conformidade co establecido no artigo 135.3 e da disposición adicional segunda da lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato para a realización da citada obra á empresa Construcciones Boqueixón, S.L, ó ser o único candidato que presentou unha oferta económica que non superou o tipo, no prezo de sesenta e cinco mil novecentos dezasete euros con oitenta e cinco céntimos (#65.917,85#) máis dez mil cincocentos corenta e seis euros con oitenta e seis céntimos (#10.546,86#) correspondentes ó IVE, e coas seguintes consideracións:

1.1.- Prazo de execución: 4 MESES

1.2.- A citada empresa ocupará na realización da obra a 6 persoas: 5 pertencentes á empresa e 1 de nova contratación.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios

TERCEIRO.- Notificar e requirir a Construcciones Boqueixón, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar. Así como constituir a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación excluído o IVE)

CUARTO.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante ([www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com))

QUINTO.- Designar director da obra ó arquitecto redactor do proxecto, don Fernando Faya Martínez

**4º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención para o cofinanciamento de servizos sociais polas corporacións locais**

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 19 de febreiro de 2010 , pola que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ó cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2010 (DOG num.. 40/10, do 1 de marzo)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

- Solicitarlle á Consellería de Traballo, as seguintes axudas para o mantemento de servizos sociais comunitarios:



-PERSONAL.....	37.190,17 €.
-MANTEMENTO.....	600,00 €.
-AXUDA NO FOGAR:	
-Prestación básica.....	14.000,00 €.
-Persoas valoradas como dependentes.....	80.280,00 €.
-REALIZACIÓN DE PROGRAMAS:	
-Intervención Comunitaria.....	5.000,00 €.
-Intervención con colectivos específicos.....	9.400,00 €.

O concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes a súa achega (incluída a procedente doutras administracións), da seguinte maneira:

-PERSONAL.....	23.551,61 €.
-MANTEMENTO.....	1.400,00
-AXUDA NO FOGAR:	
-Prestación básica.....	6.333,00 €.
-Persoas valoradas como dependentes.....	11.149,34 €.
-REALIZACIÓN DE PROGRAMAS	
-Emerxencia Social.....	6.000,00 €.
-Intervención Comunitaria.....	3.000,00 €.
-Intervención con colectivos específicos.....	4.327,40 €.

En consecuencia, o orzamento total por programas e investimentos para Servizos Sociais Comunitarios é o seguinte:

A) PERSONAL:.....	99.741,78
€.	
B) MANTEMENTO: .....	2.000,00 €.
C) AXUDA NO FOGAR:	
-Prestación básica.....	36.333,00 €.
-Persoas valoradas como dependentes.....	91.429,34 €.
D) XESTIÓN DE PROGRAMAS:	
-Emerxencia Social.....	6.000,00 €.
-Intervención Comunitaria.....	8.000,00 €.
-Intervención con colectivos específicos.....	19.046,40 €
-Atencións complementarias a Axuda no Fogar.....	9.689,00 €.

GASTO TOTAL POR TÓDOLOS CONCEPTOS: 272.239,52 €.

**5º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación**

Dáse conta da Orde do 19 de febreiro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar Social pola que se establecen as bases que regulan para o exercicio 2010 as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria (DOG. Num. 40/10, do 1 de marzo)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:



1º.- Solicitar axuda para a contratación dos seguintes traballadores coa seguinte orde de prioridade:

1.1.- Grupo de Intervención de Protección Civil: 10 oficiais 2ª de protección civil ou subalternos

1.2.- Brigada de servizos varios: 8 peóns especialistas

1.3.- Brigada verde: 6 peóns especialistas

1.4.- Brigada de obras: 4 oficiais de segunda e 4 peóns especialistas albaneis

2º.- Aprobar a solicitude de subvención

6º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do Sr. Alcalde por xestións varias durante os meses de febreiro e marzo. Importe 100,27 euros

Indemnizacións e quilometraxe do Sr. Secretario, don Carlos J Méndez-Losada Abalo, por asistencia os días 4 e 5 de marzo ás xornadas sobre da directiva Bolkenstein no procedemento xurídico español. Importe 129,70 euros

Indemnizacións e quilometraxe do Sr. Secretario, don Carlos J Méndez-Losada Abalo, por asistencia o día 5 de febreiro á presentación do programa informático para a realización da RPTe anexo de persoal para a elaboración do orzamento municipal. Importe 75,70 euros

Quilometraxe e outros da traballadora social dona Ana M. Aldrey por asistencia a reunión sobre novidades financiamento do SAF. Importe 17,57 euros

Indemnizacións e quilometraxe da traballadora dona Vanessa Crespo Souto por asistencia os días 17 e 18 de marzo a xornadas formativas para capacitación en Infoleg (aplicación para a informatización do Rexistro Civil). Importe 72,80 euros

Indemnizacións e quilometraxe da Secretaria do Rexistro Civil dona Mercedes Pereiras por asistencia os días 17 e 18 de marzo a xornadas formativas para capacitación en Infoleg (aplicación para a informatización do Rexistro Civil). Importe 64,80 euros

Quilometraxe do operario de servizos varios don José I. Munín, dos meses de decembro a febreiro. Importe 167,32 euros

Quilometraxe da educadora familiar do mes de febreiro. Importe 50,65 euros

Fondo social da traballadora social, dona Ana Aldrey Pereira (odontoloxía), segundo bases do orzamento municipal vixente. Importe 37,50 euros



Fondo social da funcionaria dona Mercedes Pereiras Caldelas (odontoloxía), segundo bases do orzamento municipal vixente. Importe 90,00 euros

Indemnizacións por asistencia á Mesa de Contratación das obras *Pista polideportiva descuberta no CPI de Vedra; Ampliación e reforma da gardería municipal e ampliación das redes de abastecemento en saneamento en Santa Cruz de Ribadulla*, incluídas no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local, dos seguintes Sres:

Carlos Martínez Carrillo (vogal).....	28,21 euros
Ana Belén Picón cotos (vogal).....	28,21 euros
José Alvela Edreira (vogal).....	28,21 euros
Carlos J. Méndez Losada Abalo (vogal)....	56,42 euros
María Canedo de la Torre (vogal).....	56,42 euros
Fernando Faya Martínez (técnico).....	56,42 euros
Mercedes Pereiras Caldelas (Secretaria)...	74,80 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Adolfo Paz Camps por impartición de clases e canto coral de xuño a decembro de 2009. Importe 1.722,50 euros

Axudas de custo de dona Dolores Monteagudo Sintas por impartición de taller de memoria no 1º trimestre. Importe 299,20 euros

Factura num. 2/2010 de don José Fermín González Blanco por asistencia técnica no mes de febreiro. Importe 713,84 euros

Factura num. 1/10 de don Xesús Igrexas Botana por impartir un obradoiro formativo de iniciación ás curtametraxes para o alumnado de ESO, dentro das III xornadas de formación e mostra audiovisual de Vedra organizadas pola asociación Senunopeso. Importe 475,00 euros

Factura de Casa Barreiro por pinchos servidos con motivo do acto do 20/03/2010 en San Xián dentro dos do centenario das sociedades de Vedra en Bos Aires. Importe 200,00 euros

Factura de Cide Hcenergía, S.A correspondente ó alumeadado público de Caldelas en xaneiro e febreiro. Importe 402,39 euros

Factura num. 382/10 de Gráfica de Asturias, S.L por Libro de Rexistro de Asociacións e outros. Importe 138,54 euros

Factura num. 37.547 de Fremsa por pezas para os vehículos municipais. Importe 43,71 euros

Factura num. S472923 de Ricoh España SLU por mantemento fotocopiadora axencia de lectura de Santa Cruz e casa do concello no mes de marzo. Importe 279,00 euros

Factura num. S472922 de Ricoh España SLU por mantemento fotocopiadora de servizos sociais do 01/03 ó 31/05. Importe 152,12 euros



Axudas de custo e quilometraxe de don Marco González Britez por impartición clases de tango durante o mes de marzo. Importe 220,96 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco J. Souto Rial por impartición clases de baile rexional na casa de cultura de San Xián no mes de marzo. Importe 150,64 euros

Factura num. 4000472626 de Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, S.A do mes de xaneiro. Importe 501,50 euros

Pago de franquicia póliza seguro Mafre Empresas por danos ocasionados en vehículo o 26/02/2009. Importe 300,00 euros

Facturas nums. 2010/21 e 2010/34 por botellas de licores para agasallos. Importe 412,16 euros

Factura num. 049.10 de Topodex Galicia, S.L por levantamento topográfico e perfis para as obras de abastecemento e saneamento incluídas no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010. Importe 3.596,00 euros

Factura num. 050.10 de Topodex Galicia, S.L por levantamento taquimétrico e do terreo de xogo do campo de fútbol de Vedra. Importe 1.508,00 euros

Factura num. 051.10 de Topodex Galicia, S.L por medición parcela e delimitación ámbito da parcela municipal 785, do polígono 12 de concentración parcelaria da zona de San Cristovo de Merín. Importe 1.276,00 euros

Factura num. 277-15/10 de Aquagest, S.A por subvención correspondente o 1º ano de xestión do contrato administrativo de concesión da xestión dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento . Importe 62.431,80 euros

Factura num. 4000487038 de Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A do mes de febreiro. Importe 750,63 euros

Relación valorada de Unión Fenosa, S.A correspondentes ós alumeados públicos no mes de novembro. Importe 6.783,13 euros

Relación valorada de Unión Fenosa, S.A correspondentes ós alumeados públicos no mes de decembro. Importe 22.958,28 euros

Relación valorada de Unión Fenosa, S.A correspondentes ós alumeados públicos no mes de xaneiro. Importe 8.378,85 euros

Taxa por reserva de dominio público radioléctrico. Importe 100,00 euros

Recarga teléfono móbil das auxiliares de axuda no fogar. Importe 20,00 euros



Recibo de Jesús Isla Arjones por material para a fisioterapia. Importe 9,70 euros

Facturas de Día por acopio de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 54,59 euros

Gastos da viaxe a Ourense dos operarios do servizo de recollida de lixo para arranxo do camión de recollida de lixo. Importe 19,55 euros

Recibo de GYJ España Ediciones, S.L por suscripción á revista. Importe 33,60 euros

Factura num. 0091777773 de Siemens Renting, S.A por alugamento fotocopiadora planta baixa da casa do concello. Importe 548,85 euros

Prima de seguro do Museo de Vedra e local de protección civil. Importe 1.162,97 euros

Recibo de Mafre Familiar, S.A por seguro de voluntariado. Importe 154,43 euros

Axudas de custo de don Francisco J. Souto Rial por impartición clases de baile rexional na casa de cultura de San Xián en febreiro. Importe 150,64 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Marco González Britez por clases de tango en febreiro. Importe 220,96 euros

Recibí de don José Luís Mosquera Freire por actuación musical no entroido 2010. Importe 400,00 euros

Gastos da viaxe ó entroido de Xinzo de Limia, financiado con achegas dos participantes. Importe 799,50 euros

Recibo de Catalana Occidente, S.A por seguro do pavillón municipal (multi-risco). Importe 1.093,55 euros

Recibo de Mafre Familiar, S.A correspondente á casa do concello. Importe 640,29 euros

Recibo da retroexcavadora. Importe 487,00 euros

Recibo de Mafre corespondente ó vehículo E-6073-BBD. Importe 196,56 euros

Factura de Sailing-Marketing y Comunicación, S.L por agasallos para inscrición de nacementos. Importe 462,60 euros

Factura de Aquagest, S.L por acometida de abastecemento de auga potable na Casa Reitoral de Ponte Ulla. Importe 895,57 euros





Recibo da Asociación Nacional de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil. Importe 400,00 euros

Gastos de desprazamento do voluntario de protección civil. Importe 73,75 euros

Factura num. S376432 de Ricoh España, SLU por mantemento da fotocopiadora da axencia de lectura de Santa Cruz e casa do concello no mes de febreiro. Importe 279,00 euros

Factura num. S399193 de Ricoh España, SLU por mantemento da fotocopiadora do departamento de servizos sociais en febreiro. Importe 83,84 euros

Factura num. 15 e 16 de Grupo Acofide, S.C por prestación de servizos mediante ensinanzas en xaneiro e febreiro (monitora de patinaxe). Importe 761,14 euros

Factura num. 1687 de Guadalupe J. García Cabal por impartición de clases de manualidades en febreiro. Importe 595,00 euros

Factura num. 02/C-03/2010 de Delio Sánchez Lojo por clases de dibuxo e pintura en febreiro. Importe 464,00 euros

Factura num. 22107232 de A.C. Medín, S.A por arranxos no camión de recollida de lixo. Importe 506,75 euros

Factura num. 94001196 de Foga por copias realizadas na fotocopiadora da planta baixa da casa do concello. Importe 1.368,60 euros

Factura num. VD 02/2010 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería na escola infantil en febreiro. Importe 5.276,96 euros

Factura num. SPA/14823/2010 de MC Prevención pro concerto prevención integral en febreiro. Importe 359,98 euros

Factura num. 2010053 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumeadado público en febreiro. Importe 2.262,06 euros

Factura num. 01928924 de Adif por regularización alugamento dos locais da estación de ferrocarril en Santa Cruz, segundo IPC. Importe 6,03 euros

Factura num. 01936670 de Adif por alugamento dos locais da estación de ferrocarril en Santa Cruz en marzo. Importe 380,63 euros

Factura num. A00013857 de MRW do mes de marzo. Importe 40,21 euros

Recibo de Rocio Cea Martínez por impartición de curso de dinámica de grupo e animación xuvenil en San Xián no mes de marzo. Importe 300,00 euros



Recibo de Sandra Rodríguez Quintáns por impartición de curso de dinámica de grupo e animación xuvenil en San Xián no mes de marzo. Importe 300,00 euros

Factura num. 08/25 de José María Freiría Suárez do mes de febreiro. Importe 3.449,55 euros

Facturas nums. IR-2010-000304524 e IR-2010-000726612 de Tele 2 Comunitel dos meses de febreiro e marzo. Importe 176,32 euros

Factura de Telefónica de España, S.A correspondente á Reitoral de Ponte Ulla nos meses de xaneiro e febreiro. Importe 133,12 euros

Factura de Telefónica de España, S.A correspondente á sede de Protección Civil de Vedra en xaneiro. Importe 81,37 euros

Factura num. CIO400123100 de Vodafone España, S.A.U do mes de febreiro. Importe 18,21 euros

Factura de Cide Hcenergía, S.A correspondente ó alumado público de Caldelas en novembro e decembro. Importe 458,08 euros

Facturas de Telefónica Móviles España, S.A do 18/01 ó 17/02. importe 1.112,79 euros

Facturas de Telefónica de España, S.A do mes de febreiro. Importe 1.349,90 euros

Facturas de Telefónica de España, S.A do mes de marzo. Importe 1.496,95 euros

Reserva prazas vacacións para maiores Imsero tempada 09/10. Importe 4.548,00 euros

Gastos da viaxe do Sr. Alcalde e 1º Tenente de Alcalde a Torremolinos para visitar ós participantes na viaxe do Imsero. Importe 477,20 euros

Factura num. 100754 de Estrategias Website, S.L por hospedaxe acordo Femp vedra.es. Importe 48,66 euros

Factura num. 10/085 de Mármoles del Rio por placa conmemorativa para colocar no local da AA.VV de San Xián, dentro das actividades do centenario das sociedades de Vedra en Bos Aires. Importe 655,40 euros

Factura num. 6 de Bar Timonel por alugamento dunha carpa para a festa do entroido. Importe 696,00 euros

Factura num. 29 de Viajes Peillet, S.L por viaxe ó entroido a Xinzo de Limia, con achegas dos participantes. Importe 406,60 euros



Factura num. 30 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús da ludoteca en febreiro. Importe 342,40 euros

Factura num. 31 de Viajes Peillet, S.L por viaxe cos alumnos do curso de adultos en febreiro. Importe 267,50 euros

Factura num.100543 de Comercial TAR, S.L por arranxos no camión de recollida de lixo. Importe 606,54 euros

Factura num. 72 de Cruceiro da Ulla, S.L por cea cos participantes na campaña de incendios. Importe 650,00 euros

Facturas nums. 14/10 e 63/10 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por por postos para a maquinaria municipal. Importe 120,78 euros

Facturas nums. 10/041 e 10/086 de Mármol del Rio por mostrador-barra e outros para o local social de San Fins de Sales. Importe 1.497,46 euros

Liquidación 525 do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar correspondente á achega municipal do servizo xantar na casa nos meses de outubro a decembro. Importe 1.100,75 euros

Factura num. 42/2010 de Concepción Penedo Pousa y otra, S.C por confección e colocación de telóns na casa de cultura de Santa Cruz de Ribadulla. Importe 2.047,01 euros

Factura num. S0127336 de Quimisol por herbicida. Importe 278,40 euros

Factura num. 14/10 de Gráficas Esteiro por carteis para as xornadas de formación audiovisual organizadas polas asociación Seunpeso .Importe 174,00 euros

Facturas nums. 7-B e 8-B de Laurea, S,.C por materiais para xardíns. Importe 208,80 euros

Factura num. A/12 de María Isabel Casal Devesa por pinchos servidos con motivo da inauguración da exposición Antonio Fraguas. Importe 225,99 euros

Facturas nums. 20 e 262 de Queserías del Ulla, S.L por queixos. Importe 19,96 euros

Factura num. 10-1239 de Askim Ingeniería por coordinación seguridade e saúde da obra de Afirmado e acond. Pistas en Castro, Francés, sete e Afós do POS 2009. Importe 422,08 euros

Factura num. 10-1240 de Askim Ingeniería por coordinación seguridade e saúde da obra de Afirmado e acond. Pistas en Corbeixe, Merín, Trobe e Vedra do POS 2009. Importe 292,84 euros



Factura num. 10-1240 de Askim Ingeniería por coordinación seguridade e saúde da obra de Senda peonil e ampliación de acceso á igrexa de San Miguel de Sarandón do POS 2009. Importe 608,29 euros

Factura num. 050/10 de Empresa Seoane, S.L por bonobús da terceira idade en febreiro. importe 8,12 euros

Factura num. 049/10 de Empresa Seoane, S.L por bonobús en febreiro. Importe 172,18 euros

Facturas nums. 301522 e 30 1291 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a gardería municipal e biblioteca municipal. Importe 1.792,00 euros

Factura num. 30 1521 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a casa do concello e acopio de carburantes para a nave de Trobe. Importe 1.354,60 euros

Factura num. 16 de Aluminios Vedra por traballos diversos. Importe 545,47 euros

Factura num. 2.371.471 de Ofiservice por material de oficina. Importe 507,47 euros

Factura num. B/35 de Castromil, S.A por bonobús de febreiro. Importe 118,99 euros

Factura num. 2/6 de Alquimao, S.L por montaxe e alugamento de andamios no campo de fútbol de Santa Cruz , alugamento de grupo eléctrico para o entroido de Vedra e outros Importe 3.637,01 euros

Factura da Sociedade Española de Radiodifusión, S.L por especial antroido. Importe 300,00 euros

Factura num. 549 de Portomédica por materiais para fisioterapia. Importe 54,49 euros

Factura num. 7 de Miguel Camino Bouzón dos meses de decembro e xaneiro. Importe 566,08 euros

Factura num. 12 de Miguel Camino Bouzón do mes de febreiro. Importe 2.570,56 euros

Factura num. 20100016 de Manuel Botana Granja por materiais diversos en febrerío. Importe 1.130,20 euros

Achega á Mancomunidade da Comarca de Compostela do ano 2009. Importe 4.200,00 euros

Facturas nums. 10-00090 de Sapa Cont. y Serv. S.L dos meses de xaneiro e febreiro. Importe 704,06 euros



Factura num. 2010/0544 de Sogama do mes de febreiro. Importe 6.432,01 euros

Factura num. 01-10 de Producciones Audiovisuales pro alugamento dun equipo de gravación para as III Xornadas e Mostra Audiovisual de Vedra. Importe 290,00 euros

Factura num. 239 de Socyser por auxliar de axuda no fogar en febreiro. Importe 1.137,92 euros

Facturas nums. 300.115 e 300.183 de Artes Gráficas Litonor po boletín dos meses de xaneiro e febreiro. Importe 1.741,16 euros

Factura num. 300.122 de Artes Gráficas Litonor, S.L por pegatinas para CD Ulla Elemental. Importe 40,60 euros

Factura num.300.194 de Artes Gráficas Litonor, S.L por lonas e plotter para a exposición en Área Central. Importe 527,80 euros

Factura num. 300.191 de Artes Gráficas Litonor, S.L por pegatinas do curso dinámicas de grupo e animación xuvenil. Importe 11,60 euros

Factura num. 300.192 de Artes Gráficas Litonor, S.L por pegatinas para a Festa do Viño da Ulla. Importe 24,36 euros

Factura num. 300.181 de Artes Gráficas Litonor, S.L por Cds e deseño en pdf sobre do centenario das sociedades de Vedra en Bos Aires. Importe 2.264,00 euros

Factura num. 300.175 de Artes Gráficas Litonor, S.L por lonas para o entroido de Vedra. Importe 445,51 euros

Factura num. 300.201 de Artes Gráficas Litonor, S.L por paneis para o stand de turismo. Importe 812,10 euros

Factura num. 544 de Alén Filmes, S.L por alugamento de dous equipos de gravación para as III xornadas e mostra audiovisual de Vedra. Importe 580,00 euros

Factura num. 09/19 de José María Freiría Suárez por limpeza do Museo de Vedra. Importe 197,20 euros

Factura num. FAC 193 de Ntcos. Fuentes Barreiro, S.L por cámara e outros para o tractor municipal. Importe 37,12 euros

Factura num. 192 de José Manuel Segade Martínez por arranxos varios. Importe 248,24 euros

Factura num. 195 de José Manuel Segade Martínez por materiais para a ludoteca. Importe 1.305,00 euros



Factura num. F01365 de Comercial Santas por acopio de subministros para a cafetería da terceira idade. Importe 618,81 euros

Factura num. S/293 de Ballestas del Tambre, S.L por arranxos de ballestas e outros no camión de recollida de lixo. Importe 724,84 euros

Factura num. 2/10 de FPV por punteiros e outros para a brigada de obras. Importe 35,50 euros

Facturas nums. 2/9 e 2/8 de FPV por traxes de auga, lubas e outros para a brigada. Importe 159,80 euros

Factura num. 83 de Droguería -Ferretería El Sol por materiais diversos. Importe 481,32 euros

Factura num. 10/01129 de Laboratorios Inteman por productos para actuacións de Protección Civil. Importe 170,06 euros

Factura num. 5626201068000145 de Probisa por mezcla bituminosa para bacheos. Importe 4.177,43 euros

Facturas nums. A0/197 e A0/238 de Sutega Mobiliario, S.I por mobiliario de oficinas. Importe 864,27 euros

Facturas nums. 10/62 e 10/63 de Mapoca, S.L por materiais para obras diversas. Importe 599,37 euros

Factura num. 10/64 de Mapoca, S.L por materiais diversos para pabillón e outros. Importe 398,75 euros

Factura num. 10/65 de Mapoca, S.L por materiais para obra no campo de fútbol de Santa Cruz. Importe 2.132,89 euros

Factura num.10/66 de Mapoca, S.L por materiais diversos para a festa da camelia e outros. Importe 58,87 euros

Facturas de Puente Ulla, S.L por carburantes no mes de febreiro. Importe 1.219,94 euros

Facturas nums. 59/E10, 60/E10, 61/E10, 62/E10, 111/E10, 110/E10, 109/E10108/E10107/E10 de Talleres San Fins, S.L por arranxos dos vehículos municipais en xaneiro e febreiro. Importe 2.610,56 euros

Facturas de José M. Pena Alonso por servizo de taxi do consultorio médico de Santa Cruz aº Vedra de agosto a decembro. Importe 1.035,26 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

7º.- Outros asuntos



### 7.1.- Escrito num. 365/10 do C.E.I.P de Ortigueira

Dáse conta do citado escrito no que don Jaime Furelos Vázquez, en calidade de director do CEIP de Ortigueira, solicita que o concello poña a disposición dos alumnos/as do colexio dous autobuses (67 prazas) para a excursión de fin de curso programada para o vindeiro 26 de maio á aula da natureza de Marcelle (Outeiro de Rei)

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

Conclúe ó fio das vinte horas e corenta e corenta e cinco minutos

